



CONCRECIÓN CURRICULAR

Curso 2022-23

- a. A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro
- b. A contribución á adquisición das competencias
- c. Os criterios para incorporar elementos transversais
- d. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía
- e. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos
- f. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso
- g. Os criterios para o deseño das actividades complementarias
- h. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso
- i. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, se ser o caso
- j. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación
- k. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso
- l. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias
- m. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas
- n. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular



a. A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO

Para atender á diversidade do alumnado do centro, fanse as adaptacións personalizadas para cada caso concreto segundo as necesidades detectadas.

Temos alumnado con necesidades de atención educativa diversas e, dentro dos medios dos que dispoñemos, optimizamos ao máximo todas as horas e persoal para a impartición de reforzos e a atención educativa virtual, a fin de lograr que polo menos a maioría do noso alumnado acade os obxectivos xerais do centro.

b. A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS

Os departamentos didácticos estableceron nas súas programacións unhas competencias mínimas que o alumnado debe acadar para superar as materias respectivas. Fixeron, ademais, as adaptacións correspondentes de xeito que o alumnado con necesidades educativas poida tamén lograr a súa adquisición.

c. OS CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Na elaboración das programacións didácticas, os departamentos tiveron en conta os elementos transversais establecidos no Decreto do currículo da ESO.

Os elementos transversais foron discutidos a principio de curso nos departamentos didácticos, e estes adoptaron decisións para incorporalos nas súas programacións seguindo criterios como a súa relevancia na sociedade actual, as necesidades segundo as características do alumnado do centro, ou a afinidade coas materias impartidas para o seu enfoque e tratamento.

En xeral, os elementos transversais que serán abordados na aula, en maior ou menor grado segundo a materia, son os seguintes:

- A comprensión lectora
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- A competencia dixital
- O emprendemento social e empresarial
- O fomento do espírito crítico e científico



- A educación emocional e en valores
- A igualdade de xénero
- A creatividade
- A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable
- O respecto mutuo e cooperación entre iguais
- A prevención e resolución pacífica de conflitos
- A educación para a saúde

d. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA

O profesorado e o alumnado traballan cos ordenadores EDIXGAL en todos cursos da ESO.

En xeral, o profesorado utilizará nas súas clases unha metodoloxía didáctica activa e participativa, favorecendo, por unha banda, o traballo individual do alumnado para desenvolver nel a súa autonomía e a capacidade de aprender por sí mesmos e, por outra banda, favorecendo tamén o traballo cooperativo para unha aprendizaxe en equipo. A metodoloxía será, ademais, flexible e integradora e, na medida do posible, lúdica e creativa.

Procurarase utilizar estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para o deseño, a comunicación e a difusión de ideas ou solucións.

Ademais, levaranse a cabo diversas accións e programas nas que se implicará ao alumnado, entre eles os seguintes:

- O Club de lectura
- O Club de ciencia
- Os programas de EduExchanges tanto da modalidade presencial como en liña,
- Plans Proxecta como: o Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD), ou Correspondentes xuvenís 3.0
- Contratos-Programa Innova: EduExcelencia, EduSaúde, EduSostibilidade
- Contratos-Programa Inclúe: IguálaTe, InclúeTe

e. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS



Ao formar parte do proxecto EDIXGAL en todos os cursos da ESO, non hai libros de texto agás en materias concretas para as que o departamento ao que pertencen decidiu no seu momento non integrarse no proxecto EDIXGAL. Para o resto de materias, se o considera oportuno, o profesorado pode requirir ao alumnado a compra dun cadernillo de exercicios da materia pero non un libro de texto.

O profesorado elabora os seus apuntes e actividades e cólgaos en EDIXGAL, ou ben utiliza o material publicado polas editoriais na plataforma, onde todo o alumnado pode acceder e, nalgúns casos, descargar os documentos subidos polos docentes, ademais de poder, tamén, realizar e entregar os exercicios requiridos por este mesmo método.

O criterio xeral é que o alumnado dispoña dunha ampla variedade de material adaptado ao seu nivel, e que as materias se completen con actividades dentro e fóra do centro: Asistencia a teatro, concertos didácticos, visitas a museos e exposicións, charlas didácticas

f. OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO

Este curso implantouse a LOMLOE nos cursos impares, 1º e 3º da ESO. Neles, ofertamos todas as materias que se podía por lei, para despois o alumnado seleccionar as súas preferencias.

Das 2 horas de libre disposición en 1º da ESO, unha delas dedícase a incrementar a carga lectiva da materia de Educación Física e a outra hora á materia de Lingua e literatura castelá.

En función da dispoñibilidade dos recursos e da organización do centro, no 2º curso da ESO ofértase Oratoria como materia de libre configuración autonómica.

Como medida extraordinaria de atención á diversidade, creouse un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento en 2º da ESO.

Para constituír grupo dunha materia optativa, de libre configuración autonómica e de libre configuración do centro, requírese por lei, un mínimo de 10 alumnos/as aínda que por tratarse dun núcleo pequeno de poboación, en ámbito rural, e con pouco alumnado, para atender á diversidade, contamos coa posibilidade de constituír grupos de optativas con ata un mínimo de 5 solicitando unha autorización expresa á xefatura territorial.

En 4º da ESO o centro oferta as dúas opcións, ensinanzas académicas e ensinanzas aplicadas, e para constituír grupo das materias de opción do bloque de materias troncais e das materias específicas do curso, é de aplicación o mesmo criterio arriba mencionado, é dicir, o número de alumnos/as non debe ser inferior a 5 e solicitarase autorización expresa da xefatura territorial.



A creación de grupos das diferentes materias optativas elixidas polo alumnado e a súa impartición realízase en función da dispoñibilidade horaria dos departamentos aos que pertencen ditas materias e de que se acade o mínimo de alumnos esixido por lei para formar grupo.

g. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Para a planificación e realización das actividades complementarias, séguense criterios educativos pensando sempre no máximo aproveitamento para o alumnado. O departamento de actividades complementarias e extraescolares velará para que as actividades se realicen de forma equitativa para todos os niveis.

Nas actividades realizadas fóra do centro, cumprírase estritamente a ratio de profesorado que marca a lei por número de alumnos, e haberá como mínimo un profesor acompañante por cada 20 alumnos/as e requirírase autorización expresa dos pais, nais ou titores legais.

Procurárase planificar as actividades de longa duración para datas que afecten o mínimo posible o desenvolvemento do curso, avisando con tempo suficiente ao profesorado para telas en conta na planificación das súas programacións .

Para as actividades que impliquen saídas con viaxe en bus de ida e volta no mesmo día, establécese un importe máximo de 10 euros a pagar por alumno.

h. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO

O/A docente que imparta docencia nun grupo onde haxa alumnado que teña a súa materia pendente, encargárase de facer o seguimento da materia pendente dese alumnado e será o xefe de departamento quen se encargue de elaborar os materiais e de avalialo. O seguimento consistirá na atención e explicacións individualizadas sobre a materia pendente, na proposta de traballos para entregar, ou calquera outras actividades que o/a docente considere oportunas de maneira que o alumno/a se anime a traballar e vexa os resultados do seu esforzo.

No caso de que a materia sen superar sexa unha optativa ou unha materia que xa non teñen no curso actual, farase o mesmo que no caso anterior, pero o encargado/a de facelo será o xefe/a do departamento correspondente.

O alumnado do grupo do Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR) con materias pendentes realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao



longo do desenvolvemento do programa segundo o establecido no artigo 19, puntos 10, 11 e 12, da Resolución do 26 de maio de 2022. O profesorado que lle estea a impartir clase será o encargado do seguimento das materias pendentes en coordinación coas diferentes xefaturas de departamento.

Do mesmo xeito, o alumnado que cursou 3º de PMAR no curso 2021-22 e promocionou a 4º curso con materias ou ámbitos pendentes, no curso 2022-23 deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas.

NOTA. Isto só afecta a este curso académico, porque no próximo curso xa se implanta PDC en 4º curso.

O alumnado matriculado con materias pendentes de 1º e/ou 3º curso poderá recuperalas durante este curso 2022-23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante este curso, a partir do curso 2023-24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen (Disposición transitoria segunda, Resolución do 26 de maio de 2022).

i. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO

Elaborarase, para cada un, un plan o máis axeitado posible, con reforzos ou adaptacións segundo conveña, ou ben dirixindo os seus esforzos para que poida posteriormente formar parte dun grupo de reforzo ou de un de FPB.

En todos os casos debemos reforzar a súa autoestima, inculcarlle a importancia do esforzo e axudarlle a poñerse á altura dos seus compañeiros/as para que consiga superar o presente curso.

j. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN

Criterios aplicables a 2º e 4º de ESO neste curso 2022-23:

Para 2º e 4º de ESO, neste curso 2022-23 rexerá aínda o establecido na **Orde 25 de xaneiro de 2022:**

➤ Promoción:

Como criterio xeral promocionará ou titulará aquel alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados ou que teña como máximo avaliación negativa nunha ou dúas materias (**artigo 8, Orde 25 de xaneiro de 2022**).



Ademais, segundo o establecido pola norma, no caso de ter máis de dúas materias suspensas, o equipo docente poderá decidir a promoción sempre que se cumpran **simultaneamente** os catro criterios seguintes:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a 5 (*é dicir, sempre e cando a media de XADE acade un 5*).
2. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
3. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
4. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que non promocione permanecerá un ano máis no mesmo curso e, en todo caso, unha soa vez, e dúas como máximo ao longo do ensino secundario.

➤ **Titulación:**

En canto aos criterios de titulación, obterá o título de graduado na ESO o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados, ou que cumpra **simultaneamente** as seguintes tres condicións (artigo 10):

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a 5.
2. Que a xuízo do equipo docente o alumno/a adquirise as competencias establecidas.
3. Que a xuízo do equipo docente alcanzase os obxectivos da etapa.

Criterios aplicables a 1º e 3º de ESO neste curso 2022-23:

Para **1º e 3º de ESO**, neste curso 2022-23 será xa de aplicación o establecido na **Decreto 156/2022 do 15 de setembro** (e en todos os niveis a partir do 2023-24):

➤ **Avaliación (1º e 3º de ESO):** Artigo 24, Decreto 156/2022 do 15 de setembro:

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022.



Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado/a en ESO.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de ESO será continua, formativa e integradora.

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

4. A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III do Decreto 156/2022.

6. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

➤ **Promoción (1º e 3º de ESO):** Artigo 25, Decreto 156/2022 do 15 de setembro:

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao



grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da do alumno/a. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións



curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

7. En todo caso, o alumno/a poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de ESO en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

➤ **Titulación (a partir do curso 2023-24!!):** Artigo 26 , Decreto 156/2022 do 15 de setembro:

Título de graduado/a en ESO:

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en ESO o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.



b) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduado/a en ESO será único e expedirase sen cualificación.

4. O alumnado recibirá, ao concluíren a súa escolarización na ESO, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de ESO, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduado/a en ESO.

k. OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO

Os criterios para outorgar a matrícula de honra son os estritamente marcados por lei, e están recollidos no artigo 12 da Orde 25 de xaneiro de 2022.

O alumnado que na avaliación final de 4º da ESO obteña unha nota media do 4º curso igual ou superior a 9 puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. Esta mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos/as igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro en 4º curso, de xeito que de 0 a 29 alumnos/as matriculados corresponde unha matrícula de honra.



En todo caso, cando no centro o total de alumnado matriculado en 4º da ESO sexa inferior a 20, poderá concederse unha mención de matrícula de honra. A súa obtención será consignada nos documentos de avaliación da alumna/o.

Na reunión da CCP do 2 de novembro de 2022, acordouse que en caso de empate na nota media de 4º ESO, no noso centro educativo este resolverase a favor do alumno/a que teña a nota media máis alta calculada en base ás materias cursadas en toda a ESO.

I. AS DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS, QUE INCLUIRÁN UN MODELO DE PROGRAMACIÓN E DE RESUMO PARA O ALUMNADO E AS FAMILIAS

Neste curso 2022-23, as programacións didácticas dos cursos impares, LOMLOE, son creadas na aplicación PROENS na que cada docente creará a programación para o nivel ou niveis que imparta; no caso de que máis dun docente imparta o mesmo nivel coordinaranse entre eles para tomar decisións sobre a súa elaboración.

Para os cursos pares, 2º e 4º ESO, mantéñense aínda este ano as programacións LOMCE e nelas incorporaranse as modificacións oportunas en base ás propostas de mellora recollidas na memoria do departamento feita a fin de curso.

Os docentes que impartan docencia no mesmo nivel, coordinaranse para facer un seguimento periódico do que levan impartido cada un deles; cada departamento fará un seguimento, revisión e avaliación da programación de maneira trimestral e introducirá nela os cambios e axustes que considere necesarios para adaptala ao ritmo do proceso de ensino aprendizaxe, as necesidades do alumnado e as dificultades atopadas.

As programacións didácticas axustaranse á normativa vixente, e publicaranse na web do centro para que poidan ser consultadas por toda a comunidade educativa; o resumo deberá incluír, explicados de forma clara e sinxela, os seguintes elementos da programación como mínimo: criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado, os criterios de recuperación, o peso de cada unha das competencias e os mínimos de consecución.

m. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS



Este centro conta con determinados plans e proxectos, todos eles propostos polos departamentos didácticos, que foron presentados no seu momento ao claustro de profesorado e aprobados polo Consello Escolar.

En todos e cada un deles se estuda a súa viabilidade, o beneficio didáctico para o alumnado e, en xeral, están abertos á participación de todos intentando involucrar o maior número de alumnado e de profesorado posible.

Este curso, ademáis de ter unha sección bilingüe e un auxiliar de conversa para lingua inglesa, contamos con dúas modalidades de Contratos-Programa: CP- Innova (EduExcelencia, EduSaúde, EduSostibilidade), CP-Inclúe (IguálaTe, InclúeTe), dous Plans Proxecta: Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD) e Correspondentes xuvenís 3.0; programas de EduExchanges que inclúe un intercambio en liña do alumnado en francés, un intercambio físico de alumnado cun centro da Bretaña francesa e outro cun centro en Irlanda, unha viaxe didáctica a París, un plan de formación en centro, PFPP, con tres liñas; o plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE), Club de lectura, Club de ciencia.

Tamén somos centro titor de máster de profesorado.

n. O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

Cada un dos departamentos didácticos celebrará unha reunión trimestral para abordar estes tres temas e acometer os cambios e/ou adaptacións que sexan necesarios para que o alumnado poida acadar os obxectivos de cada materia.

Estas modificacións, de ser necesarias entrarían en funcionamento ao inicio da avaliación seguinte.

Aprobada polo Claustro o día 2 de novembro de 2022 e revisada o 25 de xaneiro de 2023.

María Isabel Pérez Serra

Directora do IES Urbano Lugrís

Malpica de Bergantiños, 25 de xaneiro de 2023